



| | |
|--|---|
| MODELO SILVÍCOLA | XBR (xestión de bosques de ribeira). |
| ESPECIE: | Formacións de ribeira, formacións mixtas con presenza de ameneiro (<i>Alnus glutinosa</i> ≡ <i>lusitanica</i>), bidueiro (<i>Betula pubescens</i>), freixos (<i>Fraxinus excelsior</i> e <i>F. angustifolia</i>), carballo (<i>Quercus robur</i>) entre outros. |
| OBXECTIVO: | Persistencia, produción múltiple e conservación da biodiversidade en bosques de ribeira. |
| DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. | |

| REXENERACIÓN | |
|---------------------|---|
| Zonificación | A área de servidume, que corresponde a un largo de 5 m, non se realizarán plantacións (agás en intervencións de restauración hidrolóxica), intervírase de forma só puntual, sen circulación de maquinaria. A corta selectiva de árbores realizaríase para renovar o arboredo. En caso de realizarse apeo mecanizado, a colleitadora debe circular fóra desa banda. No resto da superficie, probablemente na súa totalidade en zona de policía, evítanse intervencións que poidan supoñer o asombramento ou perturbación do curso, podendo realizarse plantacións de especies de ribeira. |
| Densidades | As existentes no bosque de ribeira, reducindo as densidades mediante cortas de especies a eliminar en aplicación da normativa de distancias. Cortaranse de forma selectiva arboredo de especies de ribeira co fin de rexuvenecer as formacións ou eliminar pés mortos ou con síntomas de decaemento, no caso de ameneiros, cando sexan abundantes e poidan caer sobre o curso e supoñer obstáculos. |
| Mantemento | En zona de servidume as rozas, en caso de realizarse, serán selectivas con motorrozadora e afectarán ás especies heliófilas ou cuxo excesivo desenvolvemento (silvas) poida comprometer a viabilidade do arboredo ou a biodiversidade das especies de subpiso do bosque de ribeira. Asegurarase a chegada de luz difusa tanto ao chan como ao curso de auga. |

| TRATAMENTOS SILVÍCOLAS | |
|-------------------------------|--|
| Podas de formación | Realizaranse as podas de formación e podas necesarias para a produción de madeira de calidade, en particular nas zonas afastadas máis de 5 m do bordo da canle. |
| Cortas de transformación | En aplicación da normativa de distancias, intervírase en faixas de 15 m a ambos os dous lados de curso cortando os exemplares de eucalipto e piñeiro, con posible aproveitamento comercial. Preservarase a estabilidade das marxes e fomentarase o desenvolvemento natural da ripisilva. As intervencións asegurarán a persistencia das formacións de ribeira, preservando a calidade das augas e compatibilizando coa xestión de parcelas que bordean os cursos de auga. |





| CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS | | |
|--|----|---|
| Conservación de hábitats | de | Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma. |
| Idade de corta | | Non é necesario fixar unha quenda por non buscarse un sistema de xestión rotacional, senón de cuberta forestal continua. |
| Cortas de rexeneración | de | Sempre selectivas, evitando as cortas a feito en bosque de ribeira e, en todo caso, a destrución da ripisilva. Área basimétrica extraída < 50%. Reservaranse algúns pés con cavidades, vellos ou mortos, en pé ou caídos. |

